

PROPOSTA 1:

FOMENTO DO TENIS DE MESA FEMININO

Ante o escaso número de equipos e licencias femininas que se están a dar nos últimos anos e considerando que se está a producir un descenso no nivel do tenis de mesa femenino en Galicia, propónse:

Realizar en tódolos Campionatos Galegos (agás o Campionato Galego Absoluto) probas mixtas tanto de equipos, individual, e dobles (un equipos ou unha parella de dobles podería estar composta íntegramente por nenas ou ben ser mixto).

Pensamos que así se acadaría:

- Aumento do nivel do Tenis de Mesa Femenino
- As nenas xogarían contra máis variedade de xogadores, xa que na actualidade xogan sempre entre unhas poucas.
- Fomento do Tenis de Mesa Femenino: nunca se daría o caso de non poder celebrarse unha proba por falta de inscrición.
- Redución dos gastos no apartado de competicións.

Xa que a idea desta proposta non é a de eliminar a categoría feminina, senón potenciala, poderíase otorgar o título de Campeona Galega de cada categoría. Esta clasificación acadaríase da seguinte forma segundo os casos:

1. Se ningunha nena se clasifica para a 2ª fase da competición: organizaríase unha 2ª fase íntegramente feminina de onde sairía a Campiona Galega.
2. Se unha única nena se clasifica para a 2ª fase da competición acadaría o título de Campiona Galega.
3. Se dúas ou máis nenas se clasifican para a 2ª fase da competición acadaría o título de Campiona Galega acala que máis lonxe chegase no cadro final. De darse o caso de que 2 ou máis nenas chegasen ata a mesma ronda, organizaríase unha fase final entre elas da que sairía a Campiona Galega.